

Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética

Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Expediente: IN408A 2020/006

Denominación do proxecto: Parque eólico Orballeira

Promotor: SINAGRA INVESTMENTS S.L

Asunto: Solicitud de informe técnico.

Clave: DXDM 22/102

ANTECEDENTES

O 25.03.2022 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural desde o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación un informe sobre o estudo de impacto ambiental e proxecto sectorial do "PARQUE EÓLICO ORBALLEIRA" situado nos concellos de A Rúa e Vilamartín de Valdeorras na provincia de Ourense e no concello de Quiroga na provincia de Lugo.

O 07.06.2022 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia aos Servizos de Prevención de Incendios Forestais da provincia de Ourense e Lugo o un informe para poder dar contestación ao Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética.

O 15.06.2022 solicitouse un primer requirimento desde o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

O 27.06.2022 recibíuse no rexistro electrónico da Xunta de Galicia o informe remitido polo Xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais Ourense da Consellería do Medio Rural, no que se informa sobre o proxecto "PARQUE EÓLICO ORBALLEIRA", condicionado ao cumprimento das prescricións do Estudo de Impacto Ambiental e ao mantemento do establecido para as redes primarias de faixas de xestión de biomasa na lexislación vixente.

O 16.09.2022 recibíuse no rexistro electrónico da Xunta de Galicia o informe remitido polo Xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de Lugo da Consellería do Medio Rural, no que se informa sobre o proxecto "PARQUE EÓLICO ORBALLEIRA", condicionado ao cumprimento das prescricións do Estudo de Impacto

DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. + 34 881 996 391
defensadomonte.mediorural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





Ambiental e ao mantemento do establecido para as redes primarias de faixas de xestión de biomasa na lexislación vixente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O informe recibido xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de Ourense fai constar o seguinte:

- *“un punto de carga de auga para helicópteros que, segundo os planos do proxecto do parque eólico, non se verá afectado en ningún aspecto.”*

No informe recibido polo Xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de Lugo cítase o informe emitido polo Distrito Forestal VIII que fai constar o seguinte:

- *“...En referencia a los puntos de agua, en la zona de influencia hay varios depósitos, tanto para carga de helicópteros como de motobombas, pero no verían afectada su operatividad, ya que el punto de agua más próximo está a más de 1.000 m de la zapata del aerogenerador”*

A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 20 bis - Redes primarias de faixas de xestión de biomasa, apartado c), as seguintes obrigas de xestión de biomasa:

“c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aerogenerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalado.

Así mesmo, nos camiños interiores das ditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e subarbustivo, farase nos 5 metros desde a aresta exterior do camiño. Neste último suposto, non se exixirá a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

.....
Para todas as instalacións indicadas nesta letra, a xestión da biomasa incluírá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter. ”





INFORME

En base ó anterior e tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas (mantemento permanente do acceso dos medios dos servizos de prevención de incendios forestais aos puntos de carga de auga e resto de infraestructuras de incendios forestais) infórmase FAVORABLEMENTE, o proxecto do PARQUE EÓLICO ORBALLEIRA situado nos concellos de A Rúa e Vilamartín de Valdeorras na provincia de Ourense e no concello de Quiroga na provincia de Lugo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director xeral de Defensa do Monte
Manuel Rodríguez Vázquez

